



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE E A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Universidade **DECLARA:**

Que esta secretaría xeral ten previsto formalizar coa **Escola Galega de Administración Pública (EGAP)** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31/12/2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Universidade, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a EGAP, para a realización de actividades de formación en lingua galega entre os anos 2022 e 2025 dirixidas ao persoal ao servizo das administracións territoriais, institucionais e entes públicos instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, así como ao persoal da Administración de xustiza e ao persoal de administración e servizos das tres universidades do sistema universitario de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as partes para a consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional se fundamenta no seguinte:

As partes acordan subscribir este convenio co fin de materializar a cooperación para potenciar o uso do galego, de acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece que o galego, como lingua propia de Galicia, é lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa Administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma. Así mesmo, contempla a obriga dos poderes autonómicos de promover a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración pública e ás empresas de carácter público de Galicia.

Ademais, a Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, establece, entre os seus fins, organizar e impartir cursos, seminarios e outras actividades de formación e perfeccionamento do persoal ao servizo da Administración pública da comunidade autónoma, así como a difusión e normalización do idioma galego na Administración pública, a capacitación lingüística do persoal e a participación na fixación da linguaxe técnica, administrativa e xurídica galega.

As partes tamén colaborarán na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega, que se aprobou en 2004 co fin de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade, así como na dinamización da lingua galega no tecido económico para fomentar o seu uso nos diferentes eidos sociais e económicos.

Que os intereses converxentes das partes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante un contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

De acordo co exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

O secretario xeral de Política Lingüística

Valentín García Gómez

